



ACTA Nº 2020/19

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM e Presencial, venres 13 de novembro de 2020 -

No día de hoxe, ás 20:10 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE	TELEMATICAMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN	RUBEN VILLAR AGULLEIRO
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA	EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
	JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
	ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
	ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
	MARÍA VICTORIA AREAS POSE
	RAMÓN VIGO SAMBADE
	PILAR IGLESIAS LEMA
	MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
	SERXIO DOMINGUEZ LOURO
	CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
	JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
	INTERVENTORA: ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA.

DA COMISIÓN DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

1. Aprobación do Manifesto 25 N contra violencia de xénero 2020.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día martes 10 de novembro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Aprobación do Manifesto 25 N contra violencia de xénero 2020.

Considerando o Manifesto que se transcribe:

MANIFESTO 25 N CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO CEE 2020

As Nacións Unidas conmemora cada 25 de novembro o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, unha xornada para visibilizar que a violencia contra as mulleres segue a ser un obstáculo para acadar a igualdade, desenvolvemento, paz ao igual que o respecto aos dereitos humanos de mulleres e nenas. E insiste en que os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) non poderán cumprirse sen primeiro poñer fin á violencia contra as mulleres e nenas que é unha das violacións dos dereitos humanos máis extendidas, persistentes e devastadoras do mundo no que vivimos.

Segundo os datos das Nacións Unidas, unha de cada tres mulleres sufríu violencia física ou sexual principalmente por parte da súa parella; unha de cada 2 vítimas mortais en 2017 foi asasinada



polo seu compañeiro sentimental ou un membro da súa familia; o 71% das vítimas da trata en todo o mundo son mulleres e nenas e 3 de cada 4 delas son utilizadas para a explotación sexual; case 750 millóns de mulleres e nenas casaron antes de cumprir os 18 anos e 200 millóns delas foron sometidas á mutilación xenital feminina.

O Concello de Cee, como vén ocorrendo cada ano, quere reafirmar hoxe o seu firme compromiso na loita contra a violencia de xénero como a máis brutal mostra de desigualdade entre mulleres e homes na nosa sociedade. Sendo datos da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero publicados polo Instituto de Igualdade, a día de hoxe cóntanse 39 vítimas mortais, 2 delas en Galicia, das cales só 10 tiñan denunciado a súa parella ou ex parella.

Este ano con motivo da COVID-19, a situación agrávase máis polo tema do confinamento e a restricción de movementos, de xeito que moitas situacións de violencia volven a quedar na intimidade dos fogares polo que desde o Concello estamos a traballar a través do Centro de Información ás Mulleres para que esas situacións vexan a luz e esta “nova realidade” non supoña un retroceso nos logros acadados co traballo desenvolvido en todos estes anos. Este servizo, estivo a funcionar, tanto de xeito presencial coma na modalidade de teletraballo, para dar acollida e resposta a todas as demandas que se produciron durante esta difícil etapa.

Os principios de igualdade, liberdade e seguridade son irrenunciáveis e estanse asentando cada vez máis na nosa sociedade con traballo e a loita de todas, polo que non podemos permitirmos nin un só paso atrás na loita contra a violencia de xénero, na súa prevención, no seu tratamento así coma na reparación do dano ás vítimas das vítimas.

Por último e coma sempre, cómpre facer unha mención moi especial a todas esas outras vítimas, fillas e fillos que quedan sen a súa nai, e mesmo aquelas nenas e nenos que faleceron a mans dos seus pais.

Ademais dos asesinatos machistas, hai outras violencias cara ás mulleres como as violacións en manada ou en solitario, na calle ou na casa, o acoso na rúa, os cuestionamentos xudiciais ás vítimas, a trata e a prostitución, ademais da precariedade laboral co teito de cristal, a invisibilización dos coidados ou, dentro dunha longa lista, ter medo a volver soa á casa pola noite, medo a bicar á túa compañeira pola rúa, medo a enfrentarte ao teu agresor, medo a falar, a protestar, a pelexar.

Pois ben, todo isto fai que nos unamos, un ano máis, a esta celebración mundial que traspasa fronteiras coa responsabilidade e convencemento de que **se debe e se pode** acabar coa violencia machista.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Concelleira Delegada de Benestar Social, Igualdade e Emprego.

Sométese á votación o Manifesto e resulta ditaminado favorablemente por unanimidade dos asistentes á sesión.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela.”

Intervén a Sra alcaldesa e pregunta si se procede á lectura . do manifesto, contestando os voceiros, que non é necesario.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes á sesión plenaria.

DA COMISIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación SUPLEMENTO CRÉDITO Nº 3/2020: DESTINO DO REMANENTE PARA GASTOS XERAIS.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e facenda o día 10 de novembro de 2020, emitiuse o seguinte **DITAME**:

**“2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación SUPLEMENTO CRÉDITO Nº 3/2020:
DESTINO DO REMANENTE PARA GASTOS XERAIS.”**

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: SUPLEMENTO 3/2020: DESTINO DO REMANENTE PARA GASTOS XERAIS.

Resultando que o Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de setembro de 2020, adoptou o seguinte ACORDO:

(...)PRIMEIRO. *Iniciar procedemento para a revisión de oficio do acto: Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002 entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e o Alcalde do Concello de Cee, en representación do mesmo, por considerar que se atopa incurso nas seguintes causas de nulidade do artigo 47.1.c) e f) da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que se detallan:*

c) Os que teñan un contido imposible.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

SEGUNDO. Suspender ao amparo do artigo 108 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, a execución do acto administrativo impugnado, dado que a mesma podería causar prexuízos de difícil reparación, acreditados (Informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020, transcrito na parte expositiva do presente acordo).

TERCEIRO. Como consecuencia do apartado anterior, adoptar/establecer como medida cautelar, a suspensión da execución do aval bancario polo importe de 153.402,33 euros, en base aos mesmos motivos que xustifican a suspensión do acto administrativo impugnado (polos prexuízos de difícil reparación acreditados- Informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020).(...)

Resultando que conforme consta no Expediente de Revisión do citado Convenio, informe de Intervención de data 10 de setembro de 2020, en base ao cal se procedeu á suspensión da execución do aval bancario referido, onde literalmente indicaba:

- *Con cargo á aplicación orzamentaria 920/226.04 do Orzamento Municipal para o 2020 relativa a gastos xurídicos non existe a día de hoxe consignación económica adecuada e suficiente para sufragar o gasto derivado da execución do aval bancario presentado a favor do Arcebispado de Santiago por importe de 153.402,33€.*
- *Dado o nivel de execución do orzamento de gastos na presente data a realización de dito gasto levaría consigo a dificultade de atender no presente exercicio as obrigas económicas derivadas dos servizos municipais e previamente comprometidas.*
- *Advírtese que a execución do gasto citado por importe de 153.402,33€ no presente exercicio pode comprometer o cumprimento das obrigas derivadas da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria xa que non ten cobertura orzamentaria no Orzamento Municipal para o 2020 sen prexuízo da súa constatación na liquidación do mesmo.”*

Ante novos acontecementos, non existentes á data de aprobación do acordo transcrito, entre outros, o Consello de Ministros acordou o 6 de outubro do presente ano solicitar do Congreso dos Diputados a apreciación de que a actual pandemia supón unha situación de emerxencia que se axusta ó artigo 135,4 da CE e o artigo 11.3 da LO de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira e suspender os acordos do Consello de Ministros de 11 de febreiro de 2020.

Visto o pronunciamento do Congreso dos Diputados de 20 de outubro do presente ano na mesma liña e vista a consulta realizada desde este concello e que se anexa ó expediente á Subdirección General de Estudos Financieros de Entidades Locales que conclúe dicindo que ó acordarse a suspensión das regras fiscais que constitúen o fundamento das regras de destino do superávit orzamentario non é necesario destinar o mesmo ós destinos do artigo 32 e a DA6 da LOEPSF, podendo así destinar as entidades locais

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



dos seus RTGG co fin de colaborar na reconstrución económica e social sin que sexa necesaria aprobación de ningunha norma posterior.

Resultando que ABANCA S.A require do Concello o cumprimento do pagamento do aval bancario satisfeito por esa entidade ó Arzobispado de Santiago de Compostela mais os intereses derivados na demora do pago do mesmo. Considerando que o devengo de intereses en contra do Concello en relación a esta entidade supón un prexuízo que se pode evitar mediante ó pagamento da mesma e a súa reclamación posterior.

Visto que a día de hoxe o Concello de Cee ten a posibilidade de conseguir financiación para o pagamento do aval, sen prexuízo das accións posteriores que se realicen para o seu regreso nas vías correspondente

De aí necesidade de conceder un suplemento de crédito dentro do orzamento deste Concello para 2020, xustifícase na imposibilidade do Concello de Cee de facer fronte a obrigas económicas derivadas do expediente de revisión de oficio do convenio urbanístico asinado o 10 de xuño de 2002 e aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e tendo en conta, asemade, que o orzamento do exercicio 2020 non contén créditos dispoñibles suficientes na vinculación xurídica para facer fronte a estes gastos.

Asemade, o devandito gasto non pode demorarse a exercicios posteriores, xa que ten a súa xustificación en se trata de gastos cuxa execución debe iniciarse improrrogablemente no presente exercicio para evitar os gastos de intereses que a falla de pagamento conlevaría.

Considerando o informe de fiscalización emitido pola Interventora Municipal o día 5 de novembro 2020, que conclúe:

(...)O presente informe, cos condicionantes sinalados relativos as magnitudes orzamentarias pon de manifesto un cambio nas circunstancias que motivaron o informe de intervención de data 10/09/2020 que sinalaba que a execución do gasto citado de 153.402,33€ non tiña cabida na aplicación orzamentario 920/226.04 pola ausencia de consignación adecuada posto que esta modificación cubriría dito importe. En relación a aseveración feita de " Dado o nivel de execución do orzamento de gastos na presente data a realización de dito gasto levaría consigo a dificultade de atender no presente exercicio as obrigas económicas derivadas dos servizos municipais e previamente comprometidas" sinalar que a presente modificación permite a obtención de novos créditos nas aplicacións orzamentarias que non teñen incidencia nas relativas os servizos municipais sinalados.

*Polo que, en virtude do anterior, infórmase **favorablemente coas salvidades expostas** á modificación de créditos para a aplicación do superávit orzamentario para a realización de gastos derivados da execución do aval bancario destinado ó Arcebispado de Santiago de Compostela por importe de **159.474,51€** con destino ás aplicacións orzamentarias 920/226.04 e 011/310.00 financiada con RLTX(...)*

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO** da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 3/2020 para facer fronte á execución do aval bancario a favor do Arzobispado de Santiago de Compostela consecuencia do Convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de maio de 2002 e asinado o 10 de xuño de 2002 entre o Arzobispado de Santiago de Compostela e o Alcalde do Concello de Cee, en estado actualmente de revisión de oficio.

SEGUNDO.- As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
920/226.04	153.402,33€
011/3100	6.072,18+532,65
TOTAL	160.007,16 €

TERCEIRO.- Esta modificación presupostaria está condicionado a que o Pleno da Corporación proceda ao



alzamento da suspensión da execución do aval bancario, acordada no Pleno de data 29 de maio de 2020.

CUARTO. Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO. Considerar elevados a definitivos este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha, sen prexuízo de que a súa aplicabilidade está suxeita a condición establecida no punto terceiro.

SEXTO. Contra a aprobación definitiva da Modificación, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asinado dixitalmente

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor do Grupo político PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela.”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, xa foi tratada na comisión informativa, algunha Intervención?

Sr Domínguez García: bueno, eu inda que me pedira o corpo votar que non vamos a abstermos porque temos que sacar sempre a alcaldesa que nos mete en lios e nos sacala, a oposición que califica de irresponsable a saca dos lios.

Sra alcaldesa: Sr Domínguez a Sra alcaldesa non pon en lios a corporación, saca de lios e desfeitas de gobernos anteriores, concretamente nun que Vde era o seu rexidor, non creo que sexa o tema de confrontación, creo que é o momento de unión e buscar solución a este problema, creo que hai que estar unidos para solventar este problema e intentar recuperar eses 153.000 euros de ese aval que nunca se debeu facer.

Sr Domínguez García: o problema estaba resolto si usted non o estropeara porque xa o ano pasado lle dixo o episcopado que era o último ano que renovaba o aval, foi Vde quen llo dixo o episcopado senón houberase renovado perfectamente sen poñer en risco os 153.000 euros.

Sra alcaldesa: non é certo.

Sr Dominguez García: é certo, a súa credibilidade está polos suelos.

Sra alcaldesa: mire nesa reunión non estaba eu soamente, estaba a secretaria, a interventora e a tesoureira e o ecónomo que estaba tamen o Sr Rosón, manifestou expresamente que non ía renovar mais o convenio, estaban os técnicos.

Sr Domínguez García: os técnicos mérecenme mais credibilidade que Vde.

Sra alcaldesa: pregúntelle entón Vde os técnicos.

Sr Dominguez García: xa lle preguntarei porque Vde non é de fiar, deixa en evidencia ata o Xefe de Demarcación de Costas de Galicia, deixa en evidencia a calquera negando o que lle dixo, quen se fía de Vde.

Sra Trillo: alcaldesa, si me permite.

Sra alcaldesa: si.

Sra Trillo: esto ya de verdad parece una película, eu estaba na reunión en Santiago non sei que follón acaban de montar todos, estaba o ecónomo, dous avogados e un arquitecto, o único

Sra alcaldesa: perdone un momento Sra. Iglesias, perdone un momento si puede parar de reirse porque si no, no escuchamos,

Sra Iglesias Lema: yo?

Sra alcaldesa: si si.



Sra Iglesias Lema: yo no me estoy riendo se equivoca de persona.
Sra alcaldesa: sino tenemos la opción de silenciar.
Sra Iglesias Lema: tiene algún problema conmigo yo no me estoy riendo.
Sra alcaldesa: la estoy viendo.
Sra Iglesias Lema: por donde me ven?, por una cámara oculta? de rastreadora? o algo? es que no se por donde me ve, yo estaba escuchando la concelleira de servicios sociales.
Sra Trillo: la estoy viendo también, lo vemos todos.
Sra Iglesias Lema: la estoy escuchando con respeto porque me interesa saber porque estuvo en esa reunión.
Sra Trillo: si estuve.
Sra Iglesias Lema: déjeme escuchar a la concelleira por favor.
Sra alcaldesa: podemos hacer una cosa, apagar todos los micros mientras habla uno para evitar los ruidos de fondo.
Sra Iglesias Lema: yo no tengo ningún micrófono, dígame que quiere que haga, que la escuche, escuche a la concelleira o a usted?
Sra alcaldesa: que tan difícil es de verdad.
Sra Iglesias Lema: por favor dejeme escuchar a la concelleira que estuvo en la reunión.
Sra alcaldesa: estoy hablando yo, es muy complicado, difícil.
Sra Iglesias Lema: bueno claro palabra de Dios.
Sra alcaldesa: que falta de respeto y educación, puede continuar Sra concelleira.
Sra Trillo: estuve en esa reunión e quedou moi claro que a igrexa lle fan falta cartos, non é culpa da alcaldesa, estivo intentando arreglalo en todo momento, dixeron que o 40 % dos orzamentos os gastan en rehabilitación e necesitan cartos non so con cee, con mais concellos, e que non van ter os convenios a remollo durante mais anos, non lle boten a culpa a alcaldesa porque non a ten.
Sr Domínguez García: non dudo da palabra súa pero cando foi a Santiago xa estaba o tema roto.
Sra Iglesias Lema: perdone Sr Dominguez, pero a mi me ha encantado la intervención de la concelleira de servicios sociales, creo que ha sido la mejor y la que más nos ha aclarado lo que pasó en la reunión, hasta el momento claro.
A Sra alcaldesa pregunta ao voceiro do grupo IXCee si ten algúnha intervención.
Sr Vigo: no porque yo cuando los temas discurren de forma tan hilarante procuro evitarlo porque entonces me pongo y sería peor.
Sra alcaldesa: así me gusta Sr Vigo.
Sra alcaldesa pregunta ao voceiro do BNG si ten algúnha intervención.
Sr Domínguez Louro: este tema xa está falado en mais ocasións e me repetiría.
A Sra alcaldesa pregunta ao voceiro do Grupo Mixto si ten algúnha intervención.
Sr Hermida: non

VOTACIÓN

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	-	-	-	1
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIONES	-	3	3	2	-

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMIENTO DO PXOM.

3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTENIBLE.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo e seguimento do PXOM o día martes 10 de novembro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTENIBLE.

Considerando a seguinte **PROPOSTA**:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

D^a Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, *pola presente e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, para dar cumprimento ao establecido no PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CRIMA E A ENERXÍA, ao que se adheriu este Concello por acordo Plenario de data 29 de marzo de 2019, PROPOÑO* ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación do PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTENIBLE.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos organismos interesados.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Margarita Lamela Louzán.

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos IXCee e BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela.”

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	-	3	-	1
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	2	-	2	-

Ás 20:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán